

## **BOLETÍN ABRIL 2026**

### **APE GALICIA – NOVAS ABRIL 2026**

1. XORNADA AXOBER
2. BERGANTIÑOS-VILA CASTRO
3. CIRCULO. GALICIA SUMA TALENTO
4. REUNION CEG
5. CEGASAL
6. DIA MUNDIAL DEL EMPRENDIMIENTO
7. CENTRO DE NEGOCIOS CIE A GRANXA
8. PONTEMOBIL OCASION
9. ASAMBLEA GENERAL CEP
10. JORNADA AUTONOMOS APE GALICIA
11. PONTUP
12. ESCUELA NAVAL MILITAR
13. VII JORNADA TRIPLE HELICE
14. BODEGAS GARBANZAN
15. 6º ENCUENTRO COMERCIO C4 (TOLEDO)

### **APE GALICIA – AXUDAS ABRIL 2026**

#### **□ 1. TR341K, TR342D, TR341M**

- **TR341K** – Programa de axudas a las unidades de apoio a la actividade profesional de los centros especiais de emprego.
- **TR342D** – Programa de axudas a la creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos de traballo e asistencia técnica para os centros especiais de emprego.
- **TR341M**– Programa de axudas ao mantemento do coste salarial das persoas con discapacidade nos Centros Especiais de Emprego.

□ 2. MR362A

- **MR362A** – Axudas a la cooperación para promover la participación de agricultores en réximes de calidade

□ 3. TR380A

- **TR380A** – Subvencións destinadas a realización do Programa Retorna Cualifica Empleo

## XORNADA AXOBER

Dende APE Galicia queremos recoñecer a iniciativa de AXOBER, o Grupo Vila Castro e Quincemil pola organización da xornada “Portugal: oportunidades para empresas galegas” en Carballo, que reuniu arredor de 80 empresas.

O encontro serviu para ofrecer información práctica sobre a internacionalización cara a Portugal, abordando cuestións como fiscalidade, trámites legais e operativa bancaria, ademais de favorecer o intercambio de experiencias e a creación de novas oportunidades de negocio.

Desde APE Galicia destacamos a importancia de impulsar este tipo de iniciativas que fortalecen a colaboración entre Galicia e Portugal e contribúen a un mercado ibérico máis integrado e competitivo.



## 6º ENCUENTRO COMERCIO C4 (TOLEDO)

APE Galicia participou na entrega dos Premios Nacionais de Comercio Interior en Toledo, onde Galicia tivo un papel destacado con catro iniciativas recoñecidas.

O premio a Centros Comerciais Abertos foi para ACISA de Ribadeo, mentres que Estrela de Marín recibiu unha mención honorífica. No ámbito da innovación tecnolóxica, Lo Próximo

Digital Services obtivo un accésit pola súa plataforma LoPróximo. Ademais, o Concello de Vigo foi recoñecido polo seu apoio ao pequeno comercio.

Desde APE Galicia destacan que estes premios reflicten a fortaleza do comercio galego e a importancia da colaboración e a innovación no sector.



## JORNADA AUTONOMOS APE GALICIA

APE Galicia celebrou en Pontevedra unha xornada sobre as dificultades das persoas autónomas e pequenas empresas para acceder a axudas públicas, reunindo a medio cento de asistentes. No encontro analizáronse problemas como a burocracia, a falta de información clara e os requisitos administrativos complexos.

O presidente da CEG, Juan Vieites, destacou a importancia do traballo autónomo na economía galega e pediu políticas máis áxiles e adaptadas ao sector. APE Galicia reclamou medidas para mellorar a competitividade, como a aplicación do IVE franquiciado para reducir cargas administrativas.

A xornada incluíu tamén unha mesa redonda e un espazo de participación, e foi clausurada por Pablo Fernández, quen subliñou a necesidade de seguir impulsando políticas de apoio ao traballo autónomo.



## DIA MUNDIAL DEL EMPRENDIMIENTO

O xoves vivimos unha xornada especial no Pazo de Liñares co gallo do Día Mundial do Emprendemento.

Baixo a acollida do alcalde José Crespo, púxose sobre a mesa algo que ás veces esquecemos: emprender non vai só de ideas, vai de ter arredor unha rede que empurre.

O conselleiro José González destacou precisamente iso, o crecemento dunha rede público-privada que xa supera o cento de adhesións e que busca algo moi concreto: conectar persoas e facilitar camiños reais.

Tamén o presidente da Deputación, Luis López, puxo o foco no que xa está a pasar na provincia: proxectos que deixan de ser ideas para converterse en actividade económica.

No encontro participaron representantes do tecido empresarial, co presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, Juan Vieites, así como asociacións e axentes clave do ecosistema emprendedor.

Pero o máis relevante non estivo nos discursos. Estivo nos exemplos reais: iniciativas como Trasdeza Natur, Chorima Cosmetics ou Qichen Biocociña, que demostran que emprender aquí é posible... pero non sinxelo.

Porque se algo quedou claro é isto: talento hai.

O reto segue sendo transformar ese talento en proxectos sostibles no tempo.



## PONTEMOBIL OCASION

APE Galicia asistiu á inauguración da sétima edición de Pontemóvil Ocasión, celebrada este venres no Recinto Feiral de Pontevedra, nun evento xa consolidado na axenda local e que reúne aos principais concesionarios da provincia con máis de 400 vehículos dispoñibles.

O presidente e a directora da entidade estiveron presentes no acto de apertura, amosando o seu apoio a unha cita que contribúe a impulsar o sector e dinamizar a actividade comercial na cidade. Xunto a eles, participaron tamén autoridades como o alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, e o delegado da Xunta, Agustín Reguera, que deron o inicio oficial a unha fin de semana marcada polas oportunidades.

Dende vehículos urbanos ata SUV ou modelos eléctricos, o salón converte a cidade nun escaparate do vehículo de ocasión, con prezos competitivos e facilidades de financiamento pensadas para facilitar a compra aos visitantes.



**MIRA AQUI MAIS NOTICIAS**



## AXUDAS ABRIL 2026

(Para consultar todas as axudas publicadas na nosa web preme [aquí](#) )

### □ 1. TR341K, TR342D e TR341M

Estas axudas da Xunta de Galicia van dirixidas aos Centros Especiais de Emprego (CEE) de Galicia para fomentar a integración laboral das persoas con discapacidade.

Os beneficiarios son os CEE inscritos oficialmente e autorizados en Galicia.

As axudas están destinadas a persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que traballen nestes centros.

Inclúen apoio para unidades de apoio profesional, creación e adaptación de postos de traballo e subvención dos custos salariais.

([link DOG](#))

### □ 2. MR362A

Estas axudas van dirixidas a persoas ou grupos titulares de explotacións agrarias inscritas no Reaga que participen por primeira vez, ou nos últimos cinco anos, en réximes de calidade agro alimentaria.

Os beneficiarios poden ser explotacións agrarias que se incorporen a programas de calidade, incluída a produción ecolóxica.

([link DOG](#))

### □ 3. TR380A

O programa “Retorna Cualifica Empleo” concede axudas a entidades privadas sen ánimo de lucro con sede ou presenza en Galicia.

Estas entidades deben ter experiencia en formación, emprego e captación de talento, ademais de medios humanos e materiais

suficientes.

O seu traballo é facilitar a incorporación laboral en

Galicia de persoas

galegas que viven no estranxeiro.

Os destinatarios son emigrantes menores de 55 anos con nacionalidade española e vínculo con Galicia (nados, residentes anteriores ou descendentes).

Tamén poden participar os seus familiares que poidan traballar legalmente en Galicia.

([link DOG](#))

Para mais información, visita a nosa páxina web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)

## APE GALICIA

**Tfno.:** 986 89 16 57

**Móvil:** 697 195 540

**E-mail:**

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

**Dirección:**

**Gagos de Mendoza Nº2, Bajo 2-  
36001 Pontevedra**